

CONCELLO PLENO ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO.

ACTA NUMERO: 2021/13

CARÁCTER: EXTRAORDINARIA

CONVOCATORIA: Primeira.

DATA: 16 DE DECEMBRO DE 2021

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribadeo sendo as 20,10 horas do día **16 de decembro de 2021** reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO** baixo a presidencia do **Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Por Bloque Nacionalista Galego

D.Fernando Suárez Barcia (Alcalde)

D^a Maria Luz Alvarez Lastra

D. Pablo Vizoso Galdo

D^a Mónica Freire Rancaño

D.Marcos A.Villamil Martínez

D^a María del Pilar Otero Cabarcos

D.Jorge Díaz Freije

Por Partido Popular

D.Daniel Vega Pérez

D^a Elisa Concepción Rodríguez Sanjurjo (disculpa ausencia)

D^a Begoña Sanjurjo Santar

D^a María Elena Sierra Pulpeiro

Por Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey

D.Francisco Javier Torviso Berdeal (disculpa ausencia)

Secretario Xeral:

D. José Antonio Carro Asorey

Interventora:

D^a Maria Cristina González Santín.
(a través de videoconferencia)

Técnico Admón. Xeral:

D. José Rodil Veiga.



O Sr. Alcalde disculpa as ausencias dos Concelleiros Sra. Rodriguez Sanjurjo do Grupo Popular e Sr. Torviso Berdeal do PSG-PSOE.

Igualmente sinala que o Concelleiro Villamil Martínez do BNG asistirá a través de videoconferencia por razóns da COVID19.

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.-EXPEDIENTE Nº 5081/2021 RELATIVO AO ORZAMENTO XERAL PARA 2022.

Por Secretaría dase conta do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Contas que se transcribe:

“DITAME.- Aberta a sesión o Sr. Alcalde cede a palabra ao Concelleiro de Economía e Facenda Sr. Vizoso Galdo.

Por parte do Concelleiro Delegado realízase unha ampla exposición dos diferentes capítulos, a modo de resumo, tanto no apartado de Gastos como de Ingresos, significando nalgunos dos casos as maiores partidas así como os incrementos sufridos polas mesmas, no seu caso, respecto do orzamento de 2021.

Intervén a continuación o voceiro do Grupo Popular Sr. Vega Pérez que pregunta polo retraso que se apunta no informe da Intervención e a prórroga dos orzamentos, polo déficit actual, canto gasto e inversión se prevé así como pola dotación para as obras previstas no Hospital Asilo e en canto se reducen os impostos.

Concelleiro delegado resposta que se trata dun retraso de pouco tempo como ocorre moitas veces o que significará unha prórroga de poucos días en 2022 significando que non é algo novo e que xa pasou moitas mais veces. Manifesta que non sabe a que déficit se refire e en canto ás dotacións para o Asilo non figuran neste orzamento porque tampouco se coñecen outras financiación externas para o mesmo.

Interven de novo o Sr. Vega Pérez que indica referirse ao déficit económico. Volve preguntar polo Hospital Asilo e significa que o do retraso non o dí él senon que figura no informe de Intervención.

Debátese sobre este asunto e interven o Sr. Alcalde para indicar que se deron dabondas explicacións polo Concelleiro delegado e que o que ten que facer o voceiro do Grupo Popular é ler os documentos existentes no expediente donde está todo; que en todo caso os técnicos Inteventora e Secretario poden explicar o que preguntan.

O Sr. Vega Pérez sinala que non se precisan as faltas de respecto por parte da Alcaldía e que eles so fixeron preguntas técnicas.



Rematado o debate sométese a votación a proposta da Alcaldía sobre os orzamentos para 2022, que de seguido se transcribe, acordándose por catro votos a favor (dos membros do Grupo do BNG) unha abstención (do PSG-PSOE) e dous votos en contra (dos membros do Grupo Popular) ditaminar favorablemente a mesma para a súa elevación ao Pleno Municipal.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Formado o proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio económico de 2022 pola Alcaldía, conforme requiren os artigos 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 18.4 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, recolléndose neste os investimentos a realizar, así como os gastos e ingresos que se prevén gastar e liquidar durante o devandito exercicio polos diversos servizos municipais.

Considerando que o artigo 30.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, dispón que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán, nos seus respectivos ámbitos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos seus Orzamentos, e que este foi determinado en **7.997.017,30 euros**, segundo se desprende do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria que forma parte do expediente.

Correspondendo á súa vez ao Pleno da Corporación Local aprobar anualmente, a través do Orzamento, o Cadro de Persoal que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, conforme establecen os artigos 126 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local, 22 e 90 da Lei 7/1985, do 7 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Informado o devandito proxecto de orzamentos polo Interventor do Concello como esixe o artigo 168.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e emitido o informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, como esixe co artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria.

En virtude do exposto, veño a propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro. – Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio 2022, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, de acordo co artigo 30.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que se fixa en **7.997.017,30€**.

Segundo. - Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o 2022, o detalle do cal a nivel de capítulo é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
Cap	Denominación	Euros
1	Impostos directos	2.753.000,00
2	Impostos indirectos	280.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.439.720,75
4	Transferencias correntes	3.284.812,93
5	Ingresos patrimoniais	12.791,21
6	Alleamento de investimentos reais	0,00

ESTADO DE GASTOS		
Cap	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	4.218.373,25
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.975.404,80
3	Gastos financeiros	8.300,00
4	Transferencias correntes	292.513,61
5	Continxencias	20.000,00
6	Investimentos reais	1.215.932,40



7	Transferencias de capital	285.000,00
8	Activos financeiros	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	790.000,00
Total Estado de Ingresos		9.872.370,43

7	Transferencias de capital	5.500,00
8	Activos financeiros	27.045,54
9	Pasivos financeiros	109.300,83
Total Estado de Gastos		9.872.370,43

Terceiro. – Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento que figuran no Orzamento.

Cuarto. - Aprobar o Cadro de Persoal deste Concello de Ribadeo para 2022 que figura como Anexo no expediente do Orzamento.

Quinto. –Expoñer ao público o Orzamento Xeral aprobado e o Cadro de Persoal do Concello, por prazo de quince días, aos efectos do sinalado no artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose definitivamente aprobado se no devandito termo non se presentan reclamacións.”

Intervén o Concelleiro Delegado de Economía e Facenda Sr. Vizoso Galdo que fai unha exposición a modo de breve resumo sobre os diferentes capítulos que integran o estado de Ingresos e Gastos como xa fixo na Comisión Informativa.

En turno de intervencións faino o Sr. Vega Pérez voceiro do Grupo Municipal Popular para reiterar o xa dito na Comisión Informativa; que se trata dunhos orzamentos continuistas, fóra de prazo e pouco ambiciosos. Non existe unha proposta clara de inversións e o investimento real é moi baixo, 1.200.000,00 euros, aproximadamente unos 300.000,00 euros menos que no ano 2021.

Sinala tamén que se deberían, sempre que se poida, conxelar ou diminuír os impostos; indica igualmente que non atopa partida algunha para as obras no Hospital Asilo e tampouco para adquisición dos terreos para a futura construción do Centro de Saúde.

Que non existe un Plan serio de infraestruturas na Vila e no rural e tampouco ve ningunha cantidade “0 euros” dí, para o saneamento.Trátase, en definitiva, dunhos orzamentos pouco ambiciosos e pouco traballados.

Por parte do PSG-PSOE non se formula ningunha intervención e faino de novo o Sr.Concelleiro Delegado para rebatir os argumentos dados polo voceiro do Grupo Popular.

Sometido a votación o ditame da Comisión acórdase, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos membros do Grupo do BNG, unha abstención do PSG-PSOE e catro votos en contra dos membros do Grupo Popular:

Primeiro. – Aprobar o límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio 2022, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, de acordo co artigo 30.1 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, que se fixa en **7.997.017,30€**.

Segundo. - Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Ribadeo para o 2022, o detalle do cal a nivel de capítulo é o seguinte:

ESTADO DE INGRESOS		
Cap	Denominación	Euros
1	Impostos directos	2.753.000,00
2	Impostos indirectos	280.000,00
3	Taxas e outros ingresos	2.439.720,75
4	Transferencias correntes	3.284.812,93
5	Ingresos patrimoniais	12.791,21

ESTADO DE GASTOS		
Cap	Denominación	Euros
1	Gastos de persoal	4.218.373,25
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.975.404,80
3	Gastos financeiros	8.300,00
4	Transferencias correntes	292.513,61
5	Continxencias	20.000,00



6	Alleamento de investimentos reais	0,00
7	Transferencias de capital	285.000,00
8	Activos financeiros	27.045,54
9	Pasivos Financeiros	790.000,00
Total Estado de Ingresos		9.872.370,43

6	Investimentos reais	1.215.932,40
7	Transferencias de capital	5.500,00
8	Activos financeiros	27.045,54
9	Pasivos financeiros	109.300,83
Total Estado de Gastos		9.872.370,43

Terceiro. – Aprobar as Bases de Execución do devandito Orzamento que figuran no Orzamento.

Cuarto. - Aprobar o Cadro de Persoal deste Concello de Ribadeo para 2022 que figura como Anexo no expediente do Orzamento.

E sen mais asuntos que tratar, non sendo outro o obxecto da sesión, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a mesma sendo as vinte horas e corenta e cinco minutos estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,

Asdo. FERNANDO SUÁREZ BARCIA

O SECRETARIO XERAL,

Asdo. JOSÉ A. CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

